



Patrimonio C

Noite do Patrimonio

O Grupo de Cidades Patrimonio da Humanidade de España celebra un ano máis a Noite do Patrimonio, e o Concello de Santiago de Compostela propón unha serie de actividades co obxectivo de:

- **Pór en valor o patrimonio** da cidade dende unha perspectiva ampla, atendendo a unha concepción patrimonial diversa, en construción e participada pola cidadanía compostelá.
- **Difundir elementos patrimoniais** entre a cidadanía compostelá co fin de fortalecer o seu sentido de pertenza.
- **Promover un maior coñecemento** sobre o patrimonio compostelán no conxunto da cidadanía.
- **Resignificar** espazos da cidade como propios, fronte a un uso exclusivamente turístico.

As accións propostas enmarcanse en tres liñas de actuación:

Patrimonio ao vivo - aberto - agora



Patrimonio C

Noite do Patrimonio



Compostela
Cultura
Patrimonio



13.SET.25

Patrimonio C

Noite do Patrimonio

Patrimonio ao vivo - aberto - agora

danza
obradoiros
visitas guiadas
exposicións
portas abertas



Patrimonio ao Vivo

Actividades artísticas que dialogan con espazos patrimoniais.

18.30 e 20.30 h | Duración aprox. 45 min

Lorena Nogal - *PICASSa*

A peza de danza *PICASSa* é unha obra site-specific deseñada para espazos museísticos, que se inspira nas rupturas visuais de Picasso para explorar a desafección, a pegada do efémero e a busca de novas formas de expresión. Mediante unha relectura do corpo e da súa ligazón co espazo e co espectador, *PICASSa* propón unha viaxe creativa máis alá dos límites escénicos convencionais, abrindo novas posibilidades de relación entre forma, percepción e imaxinación.

Lorena Nogal é a creadora do espectáculo. O seu traballo foi recoñecido con numerosos premios, entre os que destaca o Premio Nacional de Danza á Mellor Intérprete (2024), outorgado polo Ministerio de Cultura de España.

Patrimonio Aberto

Visitas guiadas a diferentes espazos patrimoniais, tanto públicos como privados.

21.00 - 23.00 h | Cada 30 min. Duración: 45 min

VISITA GUIADA

Igrexa de San Martiño Pinario

21.00 - 23.30 h

NOITE DE PORTAS ABERTAS

— Pazo de Xelmírez - Museo Catedral de Santiago

O antigo centro de poder na Idade Media e histórica residencia arcebispal, abre as portas para apreciar o seu impresionante Salón de Cerimonias e acceder ás exposicións *Tesouros de Compostela. O legado Ángel* e ao Espazo Mestre Mateo.

— Colexio de Fonseca

O edificio renacentista permitirá a visita nocturna á mostra fotográfica de Augusto Pacheco, *Mentindo con mestría*.

— Igrexa de San Martiño Pinario - Museo Diocesano

A Noite do Patrimonio abre en primicia a nova musealización desta icónica igrexa da cidade, que pronto será parte do novo Museo Diocesano.

— Zona C. Antiga Casa do Concello

Cóñece este edificio barroco que foi sede do Concello compostelán e agora acolle o espazo multidisciplinar Zona C.

— Casa do Cabido.

Exposición *Tras a pegada das musas*

Nesta mostra organizada polo Consorcio de Santiago, Mareiras reflexiona nesta exposición sobre o papel da muller como creadora.

Visita comentada coa artista ás 21 h
(con saída de Mareiras Espazo de Arte,
rúa do Preguntoiro, 9) e ás 22 h
(con saída na Casa do Cabido).

13.SET.25

Patrimonio C

Noite do Patrimonio

Patrimonio Agora

Lugares, persoas e traballos que enriquecen o patrimonio actual, como galerías de arte e obradoiros de artesanía.

21.00 - 23.30 h

NOITE DE PORTAS ABERTAS Obradoiros e Espazos de Arte

— Galería Patio de Luz

Caldeirería, 38.

— Kinga Haudek - Ourivaría

San Pedro, 83.

— Brigantia Ourivaría

San Pedro, 79.

— Susi Gesto - Ourivaría

Algalia de Abaixo, 9.

Obradoiro para a creación dunha peza colectiva. Cómpre reservar praza en:
susigestoobradoiros@gmail.com